

REGULAMENTO DE LICENZAS

FEDERACIÓN GALEGA
DE JUDO E D.A.

REGULAMENTO DE LICENZAS DA FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E DEPORTES ASOCIADOS (AIKIDO, DEFENSA PERSOAL, JIUJITSU, KENDO E WUSHU)

ÍNDICE

ÍNDICE	Páx. 1
Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación	Páx. 2
Artigo 2.- Natureza, efectos e finalidade das licenzas	Páx. 2
Artigo 3.- Clases de licenzas polo seu obxecto.....	Páx. 5
Artigo 4.- Clases de licenzas por estamentos.....	Páx. 5
Artigo 5.- Prohibicións e incompatibilidades.....	Páx. 5
Artigo 6.- Estranxeiros.....	Páx. 5
Artigo 7.- Duración.....	Páx. 6
Artigo 8.- Licenzas de deportistas.....	Páx. 6
Artigo 9.- Licenzas de adestradores-técnicos.....	Páx. 6
Artigo 10.- Licenzas de xuíces-árbitros.....	Páx. 7
Artigo 11.- Categorias de licenzas atendendo á idade dos deportistas.....	Páx. 7
Artigo 12.- Aseguramento de accidentes deportivos.....	Páx. 7
Artigo 13.- Función de expedición de licenzas.....	Páx. 8
Artigo 14.- Tramitación e emisión de licenzas.....	Páx. 8
Artigo 15.- Anulación de licenzas.....	Páx. 9
Artigo 16.- Protección de datos persoais.....	Páx. 10
Artigo 17.- Importe das licenzas.....	Páx. 10
Artigo 18.- Soporte e contido das licenzas.....	Páx. 10
Disposición Final - Entrada en vigor.....	Páx. 11
Anexo I (Prezos 24/25) – Anexo II (Modelo 24/25).....	Páx. 12

Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación.

- 1.- O presente regulamento de licenzas é unha norma interna da Federación Galega de Judo e Deportes Asociados co rango de regulamento, xerárquicamente subordinado aos Estatutos da mesma, expresamente contemplado no artigo 5.1.h) da Lei 3/2012 do Deporte de Galicia, do 2 de abril.
- 2.- O ámbito obxectivo e subxectivo de aplicación desta norma contráese á actividade propia da Federación Galega de Judo e Deportes Asociados e ás persoas integradas na mesma.
- 3.- Esta norma ten por obxecto a regulación das licenzas da Federación Galega de Judo e Deportes Asociados.
- 4.- Esta norma estará en vigor desde a tempada 2024/2025 inclusive, en tanto non sexa modificada ou derogada por outra posterior.

Artigo 2.- Natureza, efectos e finalidade das licenzas

- 1.- A licenza federativa é o documento de carácter persoal e intransferible que outorga aos seus titulares a condición de membros da Federación Galega de Judo e Deportes Asociados a través dos distintos estamentos.
- 2.- A obtención da licenza federativa comportará para o seu titular a aplicación dos seguintes dereitos e deberes previstos nos Estatutos federativos para os membros dos correspondentes estamentos:

- A posesión de licenza anual en vigor válida para o ámbito autonómico e estatal posibilita ao seu titular:
 - I. Considerarse integrado na organización federada, coas limitacións e exclusións previstas na lexislación vixente e/ou nos Estatutos e Regulamentos Federación Galega de Judo e Deportes Asociados e da Real Federación Española de Judo e Deportes Asociados.
 - II. No caso dos deportistas, en especial:
 - a) Participar nas actividades, probas ou competicións de ámbito autonómico, estatal ou internacional.
 - b) Figurar na clasificación nacional nas categorías correspondentes.
 - c) Ser proposto e, no seu caso, nomeado deportista de alto nivel ou rendemento estatal.
 - III. No caso dos adestradores e árbitros, poder desenvolver a súa actividade, de maneira independente ou vinculados ás entidades deportivas, no ámbito autonómico e/ou estatal. En ambos os casos, cos efectos que o regulamento de competicións, bases de competición e outras disposicións de desenvolvemento que se establezan.
 - IV. No caso dos xuíces, poder ser designados para actuar en actividades, probas ou competicións autonómicas e/ou estatáis e figurar no censo electoral do estamento correspondente, nos termos e cos efectos que estableza o Regulamento electoral e a lexislación aplicable.
 - V. Recibir e acceder á información e documentación da Federación Galega de Judo e Deportes Asociados que xustificadamente solicite, coas limitacións, procedemento e requisitos que establezan os seus Estatutos e Regulamentos.
 - VI. Todas aquelas outras que consten expresamente na lexislación e normativa aplicable, e/ou nos Estatutos e Regulamentos da Federación Galega de Judo e Deportes Asociados, así como

no Anexo que se incorporará á circular anual sobre tramitación de licenzas para a seguinte tempada.

- Os dereitos derivados da licenza quedarán en suspenso, nos termos que dispoña a lexislación e normativa aplicable:

I. Cando con ocasión da tramitación dun procedemento se impoña motivadamente a medida provisional de suspensión de licenza.

II. Cando se impoña a sanción de suspensión ou inhabilitación de licenza, ata o cubro íntegro da mesma. No caso de que se obtivese a suspensión cautelar da súa execución, os dereitos inherentes poderán seguir sendo exercidos mentres se manteña dita circunstancia.

III. Cando a Federación Galega de Judo e Deportes Asociados adopte, motivada e excepcionalmente, a medida provisional de suspensión dos efectos da licenza con ocasión da incoación dun procedemento interno para verificar que esta ou o seu titular reúnen os requisitos establecidos, e/ou que a documentación complementaria achegada é veraz. Dita medida só poderá acordarse, previa audiencia do interesado, cando existan indicios de entidade suficiente respecto do mencionado incumprimento ou fraude, en tanto se tramita aquel.

- A posesión de licenza en vigor válida para o ámbito autonómico e/ou estatal implica para o seu titular no este ámbito a suxeición, para todos os efectos, á lexislación deportiva vixente e, en particular, ao contido dos Estatutos e Regulamentos da Federación Galega de Judo e Deportes Asociados e Real Federación Española de Judo e Deportes Asociados, que debe coñecer e comprométese a cumprir e facer cumprir:

I. O deber de asistir ás convocatorias, cando sexa designado para iso, tanto para concentracións, adestramentos ou tecnificación como para actividades, probas ou competicións oficiais ou amigables.

II. A suxeición á lexislación e normativa internacional e/ou estatal sobre dopaxe, particularmente ao Código Mundial Antidopaxe e a Lista de sustancias e métodos prohibidos recollidos pola AEPSAD (Axencia Estatal Antidopaxe), e os seus regulamentos de desenvolvemento.

III. A suxeición á lexislación e normativa internacional e/ou estatal sobre violencia, racismo, xenofobia e intolerancia no deporte, particularmente á Lei 19/2007, do 11 de xullo, e os seus regulamentos de desenvolvemento.

IV. O deber de respectar e someterse á autoridade e decisións que os órganos da FGJUDOEDA adopten nas materias da súa competencia, acatando e cumprindo aquelas, sen perjuicio das facultades impugnatorias previstas na lexislación vixente.

V. A suxeición á potestade disciplina riada Federación, os seus xuíces, o Tribunal Administrativo do Deporte (TAD) e a Axencia Española de protección da saúde no deporte (AEPSAD), nos termos previstos na Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, e as súas disposicións de desenvolvemento, os Estatutos da Federación Galega de Judo e Deportes Asociados, da Real Federación Española de Judo e Deportes Asociados e o seu regulamento disciplinario.

VI. Todos aqueloutros que consten expresamente na lexislación e normativa aplicable, e/ou nos Estatutos e Regulamentos da Federación Galega de Judo e Deportes Asociados.

3.- Para a participación en actividades ou competicións oficiais da Federación Galega de Judo e Deportes Asociados precísase estar en posesión de licenza federativa expedida por esta.

4.- Así mesmo, as licenzas expedidas pola Federación Galega de Judo e Deportes Asociados habilitarán aos seus titulares para participar en competicións oficiais de ámbito territorial superior nos casos e condicións que estableza a correspondente normativa da Real Federación Española de Judo e Deportes Asociados.

Artigo 3.- Clases de licenzas polo seu obxecto

No seo da Federación Galega de Judo e Deportes Asociados existirán en función do seu obxecto unha licenza **ÚNICA** que habilita para participar en competicións oficiais da Federación Galega de Judo e Deportes Asociados e, ademais, nas competicións de ámbito territorial superior conforme a normativa federativa correspondente.

Artigo 4.- Clases de licenzas por estamentos

Obterase licenza pola Federación Galega de Judo e Deportes Asociados, e por extensión, pola Real Federación Española de Judo e Deportes Asociados, como persoa física pertencente a un club con alta en vigor en ambos os organismos.

As licenzas poderán expedirse a favor das entidades deportivas que desenvolvan actividades no seo da Federación Galega de Judo e Deportes Asociados, cando se atopen debidamente constituídas, de conformidade coa lexislación aplicable, e rexistradas no Rexistro de Clubs da Xunta de Galicia.

As licenzas serán expedidas ás persoas de nacionalidade española ou estranxeira que, reunindo os requisitos establecidos solicítieno a través da entidade deportiva á que se desexen vincular ou xa estean vinculadas.

Unha mesma persoa ou entidade pode ser titular simultaneamente de varias licenzas, sempre que o sexa por distintos deportes, sendo aplicables para ese efecto as incompatibilidades que poidan estar establecidas nos Estatutos ou os diferentes regulamentos da Real Federación Española de Judo e Deportes Asociados.

Artigo 5.- Prohibicións e incompatibilidades

1.- Non poderá emitirse licenza a quen estean a cumprir calquera sanción disciplinaria ou penal que carrexe a privación de licenza ou inhabilitación para o desempeño das actividades que permita a licenza solicitada, así como aos sancionados por dopaxe en virtude do disposto pola súa lexislación específica. Os sancionados con suspensión de licenza poderán renovar ou obter nova licenza en calquera momento, sen prexuízo de non poder desenvolver as actividades en cuestión ata o cumprimento da sanción correspondente.

2.- Non se emitirá licenza a persoa algunha que teña licenza federativa en vigor por outra federación autonómica de Judo e Deportes Asociados.

Artigo 6.- Estranxeiros

1.- Poderán obter licenza os residentes comunitarios e os estranxeiros non comunitarios con residencia legal en España.

2.- Tratándose de menores de idade, sen prexuízo do cumprimento dos requisitos que en cada momento poida establecer a Federación Internacional Judo ou de cada un dos Deportes Asociados para a protección dos menores, para obter licenza bastará coa acreditación do seu empadramento nun municipio do Estado.

Artigo 7.- Duración

1.- As licenzas expirarán coa finalización da tempada deportiva da modalidade ou especialidade dentro da que foron expedidas, é dicir, o 30 de setembro.

- **Clases de licenzas pola súa duración**

En función da duración da vixencia das licenzas a Federación Galega de Judo e Deportes Asociados só dispón dun tipo de licenza, que se expide polo que reste de tempada deportiva.

Artigo 8.- Licenzas de deportistas

1.- *Adscrición: os deportistas deben dispor de licenza vinculada a unha entidade deportiva.*

2.- Os requisitos que posibilitan o cambio de club de adscrición durante a tempada coa previsión das posibles distincións segundo que se trate ou non de menores de idade son os seguintes:

- Solicitar á Federación Galega de Judo e Deportes Asociados o modelo normalizado que deberá asinar e selar o representante do club saínte, o representante do club entrante e o interesado, en caso de maiores de idade.
- Solicitar á Federación Galega de Judo e Deportes Asociados o modelo normalizado que deberá asinar e selar o representante do club saínte, o representante do club entrante e o titor ou titores (se procede por separación de ambos os cónxuxes) do interesado, en caso de menores de idade.

En todo caso acreditando debidamente a súa identidade.

3.- Os requisitos que posibilitan a cancelación de adscrición durante a tempada coa previsión das posibles distincións segundo que se trate ou non de menores de idade son os seguintes:

- Solicitar á Federación Galega de Judo e Deportes Asociados o modelo normalizado que deberá asinar o interesado, en caso de maiores de idade.
- Solicitar á Federación Galega de Judo e Deportes Asociados o modelo normalizado que deberá asinar o titor ou titores (se procede por separación de ambos os cónxuxes) do interesado, en caso de menores de idade.

4.- As licenzas teñen unha duración que se prolonga desde a data de alta ata o 30 de setembro seguintes, salvo solicitude de cancelación do interesado ou os seus titores legais, segundo proceda, en caso de menores de idade.

Artigo 9.- Licenzas de adestradores-técnicos

1. As licenzas de adestradores-técnicos divídense nas seguintes categorías de acordo con a súa titulación, que deberá ser acreditada documentalmente na súa primeira afiliación:

- a) *MONITOR - INSTRUCTOR*
- b) *ADESTRADOR AUTONÓMICO*
- c) *MESTRE ADESTRADOR NACIONAL*

2. Ademais, deberán cumprirse calquera outros requisitos establecidos na lexislación xeral ou sectorial aplicable e, particularmente, tratándose de técnicos cuxa actividade implique potencialmente contacto

con menores de idade, deberán acreditar non ser condenados por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, mediante certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais que deberá achegarse á *Federación Galega de Judo e Deportes Asociados* xunto coa súa solicitude de licenza e afiliación ou reafiliación aos efectos de estar habilitado no desempeño das súas funcións.

Artigo 10.- Licenzas de xuíces-árbitros

1. As licenzas de xuíces-árbitros divídense nas seguintes categorías de acordo con a súa titulación, que deberá ser acreditada documentalmente na súa primeira afiliación:

- a) OFICIAL DE ORGANIZACIÓN
- b) *XUÍZ ÁRBITRO*
- c) *ÁRBITRO AUTONÓMICO*
- d) *ÁRBITRO NACIONAL*
- e) *ÁRBITRO INTERNACIONAL / CONTINENTAL*

2. Ademais, deberán cumprirse calquera outros requisitos establecidos na lexislación xeral ou sectorial aplicable e, particularmente, tratándose de árbitros cuxa actividade implique potencialmente contacto con menores de idade, deberán acreditar non ser condenados por delitos de natureza sexual mediante certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais que deberá achegarse á *Federación Galega de Judo e Deportes Asociados* xunto coa súa solicitude de licenza e afiliación ou reafiliación para estar habilitado no desempeño das súas funcións.

Artigo 11.- Categorías de licenzas atendendo á idade dos deportistas.

1.- As categorías ás que se adscribirán as licenzas cada tempada serán, atendendo á idade que cumpran durante a tempada / ano para os que teña validez a licenza segundo a normativa da Real Federación Española de Judo e Deportes Asociados, a saber:

- a) INFANTIL: Os que cumpran 16 anos entre xaneiro e decembro posteriores ao comezo da tempada en curso.
- b) XUVENIL: Os que cumpran 17, 18 ou 19 anos entre xaneiro e decembro posteriores ao comezo da tempada en curso.
- c) ADULTO: Os que cumpran 20 anos ou máis entre xaneiro e decembro posteriores ao comezo da tempada en curso.

Artigo 12.- Aseguramento de accidentes deportivos

1.- A expedición de calquera licenza federativa leva consigo a obriga de subscribir un seguro que garanta a cobertura de indemnización para os supostos de perdas anatómicas ou funcionais ou de falecemento, así como a asistencia sanitaria derivadas, derivados de accidente deportivo, nos termos establecidos na normativa vixente da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.- Este seguro será subscrito pola Federación Galega de Judo e Deportes Asociados en condición de tomador, sendo o titular da licenza o asegurado.

3.- O importe do seguro será repercutido ao club solicitante da licenza, de conformidade coa contía que corresponda en cada caso.

3.- A cantidade que deba abonar o interesado deberá ser satisfeita con anterioridade ou no momento de solicitar a licenza. Este importe deberá ser destinado necesariamente á esta finalidade, conforme o procedemento que se estableza, podendo incorrerse nas responsabilidades disciplinarias ou doutra índole que correspondan en caso de non facelo así, ou de demorar inxustificadamente o seu aboamento.

Artigo 13.- Función de expedición de licenzas.

1.- A Federación Galega de Judo e Deportes Asociados, na súa condición de entidade que exerce a función pública de carácter administrativo, é competente, en réxime de exclusividade, para emitir e tramitar licenzas federativas de Judo, Aikido, Defensa Persoal, Jiu-Jitsu, Kendo e Wu-Shu na Comunidade Autónoma de Galicia, baixo a tutela da Administración deportiva autonómica.

2.- A Federación Galega de Judo e Deportes Asociados exercerá a función de expedición de licenzas federativas de forma directa, sen que esta poida ser obxecto de delegación ou substitución algunha sen autorización da Administración deportiva autonómica.

3.- A expedición de licenzas federativas ten carácter regrado, non podendo denegarse a licenza a canta persoa solicitante reúna as condicións necesarias para a súa obtención.

4.- A Federación Galega de Judo e Deportes Asociados informará a calquera interesado sobre os requisitos necesarios para a obtención dos seus distintos tipos de licenzas.

Artigo 14.- Tramitación e emisión de licenzas.

1.- As solicitudes de licenza deberán ser obrigatoriamente formuladas *polo club ao que se vincule o interesado con autorización previa dos seus representantes legais no caso de menores* (autorización que debe xestionar e manter en arquivo o club mentres se manteña esta condición) a través dos modelos específicos establecidos pola Federación Galega de Judo e Deportes Asociados, achegando os documentos preceptivos indicados nos devantitos modelos para cada tipo de solicitude, que serán de acceso libre a través da páxina web da federación.

2.- O prazo de solicitude de licenzas para cada tempada iníciase o 1 de outubro e conclúe o 30 de setembro.

3.- As solicitudes de licenzas presentadas por entidades deportivas deberán selo obrigatoriamente por medios electrónicos.

4.- As solicitudes de licenzas para menores de idade deberán ser subscritas polos proxenitores, titores ou institución que exerzan a súa representación legal, solicitándoo ao club mediante formulario normalizado que arquivará o club mentres se manteña esta condición ou ata o final da tempada en curso, acompañándoo de documento acreditativo da esta representación.

5.- A tramitación das solicitudes compételle *ao secretario técnico da Federación Galega de Judo e Deportes Asociados*.

6.- Calquera solicitude que adoecece dalgún requisito subsanable dará lugar ao requerimento ao interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falla ou acompañe os documentos preceptivos. Se o interesado non emendase os defectos advertidos no referido prazo, teráselle por desistido da súa solicitude.

7.- A resolución sobre concesión ou denegación de licenzas compételle *ao Presidente da Federación Galega de Judo e Deportes Asociados*.

8.- As solicitudes de licenzas deberán ser emitidas e postas á disposición do solicitante ou, no seu caso, denegadas motivadamente, no prazo máximo dun mes a contar desde o seguinte á entrada na Federación da solicitude debidamente formalizada.

9.- O cómputo do prazo referido no apartado anterior suspenderase polo tempo que medie, no seu caso, entre o requirimento de emenda de defectos e o seu efectivo cumprimento polo interesado.

10.- Calquera solicitude de licenza entenderase outorgada por silencio positivo, se non se notifica resolución expresa no referido prazo máximo indicado no apartado oitavo do presente artigo. No entanto, serán nulas as licenzas obtidas por silencio por quen carezan dos requisitos esenciais para a súa obtención.

11.- Contra a denegación expresa da licenza solicitada ou contra a denegación da entrega do documento justificativo da obtención de licenza por silencio positivo, caberá recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva nos termos da súa normativa.

Artigo 15.- Anulación de licenzas.

1.- Serán causa de anulación das licenzas concedidas:

- a) A falsedade nos datos facilitados para a súa obtención.
- b) *Incorrer en duplicidade de licenza, vinculándose a máis dun club, nese caso será anulada a licenza máis recente.*
- c) *Incorrer en incompatibilidade entre dúas ou máis licenzas de acordo con o previsto no presente regulamento.*
- d) *Por sanción federativa, no seu caso.*
- e) *No caso de licenzas outorgadas por silencio positivo, e sempre que a Federación estime que non se reúne algún dos requisitos esenciais para obtela, antes de resolver sobre a súa anulación outorgaráselle á persoa licenciada un prazo de 30 días para dar cumprimento ao requisito que non reunía.*

2.- O procedemento de anulación de licenzas poderá iniciarse de oficio ou por denuncia e na súa tramitación que correrá a cargo do *Secretario Técnico da Federación Galega de Judo e Deportes Asociados*, que deberá garantir a audiencia do interesado nun período máximo de dez días hábiles.

3.- A resolución anulando ou mantendo a eficacia da licenza compételle *ao Presidente da Federación Galega de Judo e Deportes Asociados* e fronte á mesma caberá recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo dun mes, *previo esgotamento da vía federativa mediante impugnación ante o Comité de Apelación de Justicia Federativa*.

Artigo 16 - Protección de datos persoais.

1.- A recollida, tratamento, cesión e calquera acto análogo respecto dos datos persoais das licenzas federativas axustarase ás disposicións vixentes en materia de protección de datos de carácter persoal. En particular, estarase ao disposto no artigo 28.6 da lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

2.- A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais achegados coas solicitudes de licenzas de persoas físicas é a de tramitar e xestionar as licenzas federativas e habilitar a participación de tales persoas nas actividades federadas.

3.- Os datos obtidos unicamente serán cedidos e transferidos a entidades e organismos imprescindibles para poder levar a cabo as finalidades derivadas do exercicio das facultades inherentes á licenza durante o tempo en que o interesado permaneza integrado na organización federada, coas garantías establecidas na normativa en materia de protección de datos e sen prexuízo dos dereitos que lle asistan nesta materia.

Artigo 17.- Importe das licenzas

1.- O importe das licenzas será o fixado para cada tempada pola Asemblea Xeral da Federación Galega de Judo e Deportes Asociados para cada especialidade, estamento ou categoría, segundo se recolle no Anexo I ao presente regulamento.

2.- No caso de que calquera importe fose anulado por acto administrativo ou resolución xudicial entenderase aplicable o anterior importe en vigor para o este tipo de licenza.

Artigo 18.- Soporte e contido das licenzas

1.- As licenzas federativas emitiranse en soporte dixital, mediante o envío por correo electrónico ao club solicitante dos correspondentes arquivos.

2.- O formato das licenzas federativas será o elaborado anualmente polo departamento de promoción e difusión da Federación Galega de Judo e Deportes Asociado no que respecta ao seu grafismo.

3.- No documento da licenza, ademais dos conceptos económicos que resulten obrigatorios no caso das licenzas que permitan a participación en ámbitos superiores ao autonómico, deberán consignarse claramente, como mínimo, os seguintes datos:

a) O selo, logotipo e denominación da Federación Galega de Judo e Deportes Asociados e de Xunta de Galicia.

b) Duración da licenza.

c) Nome e apelidos da persoa titular.

d) Data de nacemento da persoa titular.

e) Especialidade deportiva.

f) *No seu caso*, entidade deportiva á cal se vincula o titular durante o período de duración da licenza.

g) Categoría.

h) Dereitos federativos. Indicado mediante código QR ao desenvolvido con máis extensión no correspondente apartado da páxina web federativa.

i) Identificación do protocolo de accidentes deportivos mediante un enlace ao apartado correspondente da páxina web oficial da Federación Galega de Judo e Deportes Asociados.

REGULAMENTO DE LICENZAS



FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E D.A.

APROBADO POLA ASEMBLEA CON DATA: 06 DE ABRIL DE 2025

j) Tratándose de deportistas en idade escolar e o seguro sexa subscrito pola Xunta de Galicia, deberá figurar expresamente na licenza que “o seguro deportivo é abonado integramente pola Xunta de Galicia”.

4.- As licenzas que habiliten para a participación en actividades ou competicións de ámbito estatal deberán reflectir polo menos en lingua española os datos correspondentes.

Disposición Final.- Entrada en vigor.

O presente regulamento entrará en vigor a partir da súa aprobación pola Administración deportiva autonómica, tal e como se establece na Instrución do 10 de febreiro de 2021, da Secretaría Xeral para o Deporte, para a remisión dos regulamentos de licenzas das federacións deportivas galegas (DOG núm. 33, do 18 de febreiro de 2021). O regulamento entenderase aprobado, se no prazo de tres (3) meses a Administración deportiva autonómica non notificase a correspondente resolución de aprobación.

ANEXO I

IMPORTES DOS DISTINTOS TIPOS DE LICENZAS PARA A TEMPADA 2024/2025

CATEGORÍA	PRESTACIÓNS	PREZO
LICENZA ÚNICA INFANTIL (NADOS NO ANO 2009 E SEGUINTE)	Seguro Médico Deportivo accidentes R.D. Válida para: Actividades Federadas Pases de grado	25€
LICENZA ÚNICA JUVENIL (NADOS NOS ANOS 2006-2007-2008)	Seguro Médico Deportivo accidentes R.D. Válida para: Actividades Federadas Pases de grado	55€
LICENZA UNICA ADULTO (NADOS NO ANO 2005 E ANTERIORES)	Seguro Médico Deportivo accidentes R.D. Válida para: Actividades Federadas Pases de grado	75€

ANEXO II

MODELO DE FORMATO DE LICENZAS PARA A TEMPADA 2024/2025



LICENZA TEMPADA 24/25

CLUB
Nome e Apelidos

ALTA: 01/10/2024
CADUCA: 30/09/2025

Número de Licenza
2ª LIC

Deporte
Judo

Categoría
Adulto

Data de Nacemento
15/05/1995

FRAN GARRIGÓS
60kg
BRONCE

A asistencia garantida na póliza da Federación Galega de Judo será prestada unicamente en Centros Médicos ou facultativos concertados.

Non terán cubertas as asistencia médicas en centros da SEGURIDADE SOCIAL ou non concertados (excepto urxencias vitais).

Non se cobre a lesión deportiva, soamente traumatismos producidos durante a práctica deportiva.

O accidente debe ser comunicado inmediatamente seguindo o protocolo médico recollido na páxina web www.fgjudo.com.

Importe Licenza Federativa ADULTO 75€
 Importe Licenza Federativa XUVENIL 55€
 Importe Licenza Federativa INFANTIL 25€

RibéSalat Insurer global de seguros y reaseguros

Este importe inclúe o seguro médico deportivo, que estende a súa validez até o 30/09/2025. Non inclúe os dereitos de exame do mestre ou outras cotas relativas á tramitación do club. No caso dos federados de 6 a 16 anos o importe do seguro corre a cargo da Secretaría Xeral para o Deporte.

